


The logo for Apostolo 2017 features a series of vertical white lines of varying heights, creating a stylized, abstract representation of a building or a sound wave. These lines are contained within a dark blue diamond shape that has a thin yellow border. The diamond is set against a background of yellow and black diagonal stripes.

APOSTOLO₂₀₁₇

ARTELLANDO

////// as festas en movemento

DO 17 AO 23 DE XULLO **//////**

**PRO
GRA
MA
CIÓN**

LUNS 17	MARTES 18	MÉRCORES 19	XOVES 20	VENRES 21	SÁBADO 22	DOMINGO 23
ARTELLANDO NOS BARRIOS				ARTELLANDO NOS BARRIOS		
ARTELLANDO NOS RECUNCHOS						
	CIRCOMPOSTELA [Parque de Belvís]			BAILE ASSALTO [Praza do Toural]		
			ROMARÍA CATIVA [Parque E. Granell]			
			CONCERTOS NO TOURAL	CONCERTOS NO TOURAL		

ARTELLANDO NOS BARRIOS

espectáculos familiares

DO LUNS 17 AO SÁBADO 23

MARTÍN CAMIÑA / Momentos de asombro

LUNS 17 / 19.00h / CSC de Vilvestro

FRAN REI / A galiña azul

LUNS 17 / 19.00h / Praza do matadoiro

XOÁN CURIEL / Estamos no verán

MARTES 18 / 19.00h / CSC de Vite

RAQUEL QUEIZÁS / Cocorocó

MARTES 18 / 19.00h / Fontiñas "Área Central"

TEATRO DOS GHAZAFELHOS / O vendedor de fume

MÉRCORES 19 / 19.00h / Praza Roxa

PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS / Lila Star

MÉRCORES 19 / 19.00h / LSC Lavacolla

BAOBAB / Sesión de contos

MÉRCORES 19 / 19.00h / CSC A Trisca

XOGOS PAPORRUBIO / Xogos tradicionais

VENRES 21 / 19.00h / CSC do Castiñeiriño

TORRE DE BABEL / Cerebro, artes, acción

VENRES 21 / 19.00h / CSC de Santa Marta

XAROPE TULÚ / Estrafalaria

SÁBADO 22 / 19.00h / CSC de Aríns

ARTELLANDO NOS RECUNCHOS

DO LUNS 17 AO DOMINGO 23

DIKHOTOMIA / Spazi...o

LUNS 17 / 21.00h / Praza do Obradoiro

ROBERTO OLIVEIRA

(Percusión, electrónica e arte visual sincronizado)
MARTES 18 / 21.00h / Praza de San Fiz de Solovio

VÂNIA COUTO / Projecto Branta

(Portugal) / (Música-performance)
MÉRCORES 19 / 21.00h / Arcos de Bonaval

CINTA ADHESIVA

(Poesía, música e performance)
XOVES 20 / 21.00h / Praza Salvador Parga

BERIO MOLINA / Bucorde

(Performance sonora)
VENRES 21 / De 12.00 a 21.00h (cada 30') /
Emisións sonoras dende os parques de Belvís, Bonaval e Alameda.

FANTOCHES BAJ / O asombro

(Artes escénicas)
SÁBADO 22 / 21.00h / Xardín botánico de Fonseca

TORRE DE BABEL / Cerebro, artes, acción

(Artes escénicas)
DOMINGO 23 / 21.00h / Parque de Bonaval - Detrás do CGAC

CIRCOMPOSTELA 2017

GALA DO CIRCO COMPOSTELÁN

MARTES 18 / 22.30h / Parque Belvís

Presentadores: Pablo Reboleiro e Aitor Garuz.

Artistas convidados:

- SincroNacidas (clown)
- Vuelos de Rosca (man a man)
- Yesi Balbás (aéreos)
- Trasno
- Número de Break Inclán
- E máis sorpresas

BAILE ASSALTO

XOVES 20 / Praza do Toural

Obradoiros de iniciación ao baile con música ao vivo

12:30h - Bailes mandados: con Mercedes Prieto e Sergio Cobos

19:00h - Baile galego: a cargo do colectivo Seráns de Compostela

21:00h - Obradoiro exprés de Os Cempés

22:00h - Concerto de Os Cempés "Baile 100%"

ROMARÍA CATIVA

XOVES 20 / Parque Eugenio Granell

12.00 - Apertura da Romaría Cativa con:

Xogos Xandobela

Espazo do xogo Libre

Mural plástico, con Babaluva

12.30 - Anxo Moure I "Contos para coidar a terra"

Simón Pinhón I "O Gaiteiro Bucólico"

Percubebés I "Veu por aquí marchou por alá"

13.30 - Concerto de Mari Faltri e Jorge Juncal ,
"Fantasía coas palabras"

17.30 - Anxo Moure I "Contos para coidar a terra"

Simón Pinhón I "O Gaiteiro Bucólico"

Percubebés I "Veu por aquí marchou por alá"

18.30 - Concerto de Golfiños, "Té, chocolate, café"

19.30 - Concerto Sons Miúdos (con Gloria Mosquera, Magín Blanco, Paco Nogueiras, Xoán Curiel, Ana Senlle, Pablo Díaz e Teatro dos Ghazafellos)

ARTELLANDO NA NOITE
DO MÉRCORES 19 AO DOMINGO 23
PRAZA DO TOURAL / ÁS 23.00 H

MÉRCORES 19 | CELINA DA PIEDADE
VENRES 21 | COSMOTRÓPICOS
SÁBADO 22 | QUESTIONI MERIDIONALI FOLK
DOMINGO 23 | LA SHICA

ARTELLANDO

NOS

BARRIOS



MARTÍN CAMIÑA / Momentos de asombro

LUNS 17 / 19.00 h / CSC de Villestro

"Momentos de Asombro" está cheo de intres fascinantes: Como facer maxia nunha mudanza?, a verdade oculta do Principio de Acción e Reacción, o poder máxico da pintura, ou como estar á moda co que xa teñamos pola casa. Estas son só algunhas das moitas aparicións de ilusións e humor deste espectáculo. Con comicidade, fondo musical, participación dos espectadores, manipulacións de cartas, cordas, mentalismo, etc., e un fío condutor cargado de "Momentos de Asombro".

Martín Camiña é un dos magos máis recoñecidos de Galicia contando cunha dilatada experiencia profesional no mundo do ilusionismo.

Os seus espectáculos foron premiados varias veces en España e Portugal. Toda a península, Alemaña ou Xapón son algúns lugares onde se ten contemplado a súa maxia.



FRAN REI / A galiña azul

LUNS 17 / 19.00 h / Praza do matadoiro

Na súa liña habitual, Fran Rei mestura narración, humor, maxia e monicreques para achegarlle ao público infantil e familiar o universo que Carlos Casares creara para que a pequena Ana "non esquecese nunca que é galega". Ana era unha rapaza de sete anos que, como tantas outras daquela, marchara cos seus pais fóra de Galicia. Ademais de compartir espazo con referencias doutras obras e da biografía do autor ourensán, neste espectáculo entrelázanse as cinco historias que compoñen A Galiña Azul: O peixe da fonte do xardín, A bomba da felicidade, A galiña azul, A formiga esquiadora e O final da historia da galiña azul. Cinco contos fantásticos nos que comparten protagonismo animais e homes con características peculiares e carácter entrañable. De novo, Fran Rei ponse baixo a dirección da luguesa Tareixa Campos, e conta coa colaboración de Marga Portomeñe, que deseñou e elaborou para o espectáculo uns monicreques a partir das maravillosas ilustracións orixinais do libro, de Trichi, Ilda, Mima e Alberto García Alonso, fillos de Xohán Ledo [Ricardo García Suárez], o deseñador e portadista de Galaxia durante máis de trinta anos.

XOÁN CURIEL / Estamos no verán

MARTES 18 / 19.00 h / CSC de Vite

Estamos no verán!!! é a primeira novela-disco da literatura galega, con texto de Charo Pita, música e cancións de Xoán Curiel, a banda Son+d2 e ilustracións de Iván R., editada por GALAXIA. No libro nárrasenos a historia duns rapaces, Xoán e Jara, que cos seus amigos e amigas deciden montar un grupo de música ao longo do verán.

Nesta ocasión Xoán Curiel presenta o espectáculo en formato solista sen a súa banda habitual. O espectáculo fará un percorrido polos temas e polas historias do libro "Estamos no verán!!"



RAQUEL QUEIZÁS / Cocorocó

MARTES 18 / 19.00 h / Fontiñas (Área Central)

COCOROCÓ é un berro de loita contra as inxustizas, é un canto que nos fai pensar, respectar e valorar á outra que é diferente a nós para defender a diversidade. COCOROCÓ é un espectáculo de narración oral no que se empregan obxectos, monicreques, debuxos e interacción co público. Pero...quen canta COCOROCÓ? Unha galiña, pero non unha galiña calquera, non, unha galiña azul. Si, azul como o ceo, coma o noso mar, unha galiña diferente a todas as demais.



TEATROS DOS GHAZAFELHOS / O vendedor de fume

MÉRCORES 19 / 19.00 h - Praza Roxa

Achéguense señoras e señores, nenos e nenas, achéguese e descubran as maravillas que lles vou mostrar; Ungüentos para facer medrar o cabelo, elixires para os catarros pomadas para un propulsado primaveral, queren quitar luas peludos...? ou quizais moas...? queren cortar o cabelo, un afeitado ou extraer o apéndice...? Achéguese e fagan cola!! por moi pouco diñeiro a súa vida cambiará e de que maneira... achéguese!! . Un espectáculo cheo de maxia, humor e música en directo onde a participación do público é indispensable!!



PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS / Lila Star

MÉRCORES 19 / 19.00 h - LSC Lavacolla

Esta artista branca con alma de negra, criada no seo dunha familia de acróbatas de circo clásico, apaixonada da purpurina e obsesiva pola cor morada; que se confesa adicta ás berenxenas e que forma parte do club de fans de Deep Purple, Violeta Parra e, casi casi, de Pink Floyd [!ay! se puxesen un pouco de blues nese pink ...] leva á escena un especta-culazo con moooooooooooooooooo flow, onde os equilibrios imposibles sobre obxectos se fan posibles a ritmo de temazos que non poderás deixar de bailar!!!!

Lila Star Yeah!



BAOBAB / Sesión de contos

MÉRCORES 20 / 19.00 h - CSC A Trisca

Andrea Bayer É unha das principais figuras do teatro de narración oral en Galicia, os seus premios Max, Barriga Verde e Casares o constatan.

Nestas sesións Andrea vai engarzando contos propios e populares dende a súa tremenda capacidade de contar historias e transmitir emocións.



XOGOS PAPORRUBIO / Xogos tradicionais

VENRES 21 / 19.00 h - CSC do Castiñeiríño

Paporrubio é un paxaro pequeno, imaxinativo e xoguetón que ten como propósito divertir levando sempre consigo unha morea de soños para compartir.

“Os xogos do Paporrubio” é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria, que nos dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna.

TORRE DE BABEL / Cerebro, artes, acción
VENRES 21 / 19.00 h - CSC de Santa Marta

Este evento é a posta en escena final coa que culmina o proxecto 'Torre de Babel', unha iniciativa que busca a colaboración, a inclusión grupal, o respecto intelectual e o fomento da creatividade a través da educación artística e o traballo en equipo. As beneficiarias do proxecto son 20 persoas con dificultades de inclusión social, que levan traballando dende comezos do mes de marzo e que agora nos amosan todo ese traballo nesta cita.



XAROPE TULÚ / Estrafalaria
SÁBADO 22 / 19.00 h - CSC de Aríns

Estrafalaria é un espectáculo que combina a narración oral coa manipulación de obxectos onde o público participa activamente do relato. As personaxes que interveñen na historia caracterízanse pola súa peculiaridade e levan a diferenza como bandeira.

Os cativos e cativas deben entender a diversidade como algo enriquecedor e imprescindible para que a sociedade evolucione cara o mundo que queremos, ese no que debería predominar a tolerancia, a solidariedade e a integración. Ese mundo no que como mulleres podemos aportar os nosos coñecementos e ser nós mesmas a cada momento.

ARTELLANDO

NOS

RECUNCHOS



DIKHOTOMIA / “Spazi... o” [Circo contemporáneo]

LUNS 17 / 21.00h / Praza do Obradoiro

Espazos sen espazo, tabiques imaxinarios separan realidades simultáneas, onde o efectivo non ten valor práctico.

Unha muller, un home e todas as súas relacións: dous amigos, unha parella, eses nenos, aqueles anciáns, un pai e a súa filla ...

Emocións que atraen e repulsan, achegan e afastan na busca dun sentido á propia realidade, para subsistir unidos sen deixar de ser un.

Transformando o letargo da convivencia cun final inesperado.

Dikothomia é unha compañía do Euskadi que xurde da necesidade de expresar e transmitir en clave de circo. Autodefínese como "circo como linguaxe", xa que aínda tendo en conta a importancia das técnicas do circo, optan por empregarlas como ferramentas para falar de emocións e vivencias.



ROBERTO OLIVEIRA [Percusión, electrónica e arte visual sincronizado]

MARTES 18 / 21.00 h / Praza de San Fiz de Solovio

Percusionista especializado no comisionado e estrea de obras, especificamente para percusión, electrónica e arte visual sincronizado [música electroacústica] de novos compositores nacionais e internacionais.

Realiza concertos como solista con ensembles contemporáneas e orquestras sinfónicas xunto a destacados artistas, directores e compositores actuais en salas de concerto e festivais de todo o mundo.

Roberto Oliveira está considerado un dos artistas máis creativos, atrevidos e innovadores do panorama musical contemporáneo. Focalizado en difundir música para percusión, electrónica e arte visual como toda unha experiencia multisensitiva, deixando atrás o vetus format de concerto contemporáneo.

Robert Oliveira presenta un programa de alto grado interpretativo de novas xeracións de compositores para percusión, electrónica e arte visual sincronizado.



VÂNIA COUTO / Projecto Branta [Portugal] / [Música-performance]
MÉRCORES 19 / 21.00 h / Arcos de Bonaval

"Branta é un xénero de aves.
 Hai moitas Brantas, e algunhas migran, como min.
 Voo por varios países, sons, voces, ritmos, raíces. Gústame nacer das músicas en puntos diferentes do mundo, que é tan pequeno e tan grande.
 Voo en loop entre moitos instrumentos que acordan as músicas que escollo para esta ruta."



CINTA ADHESIVA [Poesía, música e performance]
XOVES 20 / 21.00 h / Praza Salvador Parga

Cintaadhesiva é un espectáculo que conxuga diversas disciplinas como as artes escénicas, a poesía, a música e a videoarte. Ten como base os ámbitos literario e musical, xa que se trata do proxecto orixinal da escritora Silvia Penas e o músico Jesús Andrés Tejada.

Unha parte importante do conxunto son textos poéticos integrados na música [non acompañados pola música]. O espectáculo intercala tamén temas cantados compostos polos mesmos autores.

Cintaadhesiva podería inserirse no xénero recentemente incorporado "e-poesía": poesía con música electrónica, xa que a electrónica é a base principal das composicións de Jesús Andrés, con reminiscencias do post-rock, dream-pop, ambient...

En directo compoñen o grupo: Pablo Muñiz [teclas], Jesús Andrés [guitarra eléctrica] e Silvia Penas [voz]. Area Erina sería a cuarta integrante, a videojockey. Con imaxes que ela previamente grava e escolle fai a montaxe en directo, de maneira que cada concerto ten unha escenografía visual diferente e coherente co espectáculo.



BERIO MOLINA / Bucorde [Performance sonora]

VENRES 21 / De 12.00h a 21.00h (cada 30')

Emisións sonoras dende os parque de Belvís, Bonaval e Alameda

Ó camiñar polas rúas de Vigo é habitual escoitar de fondo un zumbido grave que vén do ar. É a bucina dalgún transatlántico que chama polos viaxeiros antes de partir do porto. Para os vigueses este é un son que non ten ningún misterio, aínda que sempre resulta sedutor sentir o xigantismo do fenómeno sonoro. Sempre quixen facer algo con ese son, e imaxinei que en Santiago, unha cidade sen porto e onde a vella industria [que empregaba bucinas para marcar as horas de traballo] se atopa abandonada, como o caso da fábrica de Koipe, o son das bucinas podía crear unha sensación moi forte de estrañeza que podía acentuar aínda máis a sedución provocada polo son das bucinas.

O efecto chamada do son [e tamén a súa utilización como organizador do tempo] é algo que a cidade de Santiago de Compostela ten moi interiorizado dado o grande número de igrexas e campás que hai na cidade. O son do Bucorde xoga con esta idea de chamada e segue a estrutura temporal das campás: un son que se repite e que neste caso crea unha expectación sobre como soará o acorde.



FANTOCHES BAJ / O asombro [Artes escénicas]

SÁBADO 22 / 21.00 h / Xardín botánico de Fonseca

Con dramaturxia, posta en escena e interpretación de Inacio Vilariño, o espectáculo presenta un cruce entre teatro poético e manipulación de obxectos e documental e o apoio dun televisor vello con impactantes imaxes de vídeo que rompe ritmicamente de vez en cando a acción.

O narrador, recitador o “performer”, Inacio Vilariño, encandéanos coas palabras do poeta Uxío Novoneyra, cunha rotunda musicalidade que se deixa escoitar con verdadeiro pracer, na mentres crea un suxerinte universo de trazos inscrites con xis branca sobre un taboleiro. Ou mediante unha estudada manipulación de libros que van construindo ilustracións abstractas das palabras que xorden deles.



PROXECTO

TORRE DE BABEL

"CEREBRO, ARTES, ACCIÓN"

TORRE DE BABEL [Artes escénicas]

DOMINGO 23 / 21.00 h - Parque de Bonaval - Detrás do CGAC

Este evento é a posta en escena final coa que culmina o proxecto 'Torre de Babel', unha iniciativa que busca a colaboración, a inclusión grupal, o respecto intelectual e o fomento da creatividade a través da educación artística e o traballo en equipo. As beneficiarias do proxecto son 20 persoas con dificultades de inclusión social, que levan traballando dende comezos do mes de marzo e que agora nos amosan todo ese traballo nesta cita, na que tamén celebramos o Día Internacional da Danza, que é o 29 de abril.

ARTELLANDO

NA

NOITE

(Praza do Toural)



CELINA DA PIEDADE (Portugal)

MÉRCORES 19 / 23.00 h / Praza do Toural

Quen xa a viu en concerto recoñécelle o inmenso carisma. Celina da Piedade ten levado o seu acordeón e a súa voz até aos máis diferentes contextos, algúns entre as formas e cores tradicionais, en viaxes polas memorias da música de raíz portuguesa e un sentir máis moderno e universalista. Deseña unha música chea de alma e de personalidade que, en directo, gaña coa súa formidable presenza.

No seu traballo en solitario conta xa con dous álbumes, “Em Casa” [Melopeia, 2012] e “O Cante das Ervas” [Melopeia e Jardim da Boa Palavra, 2014].

Celina da Piedade é acordeonista, cantora, e compositora. Comezou a estudar música aos 5 anos, e pouco tempo despois xa actuaba en público. Estudou no Conservatorio de Setúbal, onde tamén deu aulas de acordeón. Licenciouse en Patrimonio Cultural e posgraduouse en Estudos de Música Popular. En 1998 coñece a Asociación Péde Xumbo, coa que colabora desde entón e da cal é actualmente Presidente Honoraria. No ano de 2000 integra o Cinema Ensemble de Rodrigo Leão, co que aínda traballa actualmente, tocando en todos os concertos e discos do compositor. A esta colaboración engádense outras: Mayra Andrade [coa que tocou e para quen compuxo “MonCarroussel”], Uxia, Ludovico Einaudi, Gaiteiros de Lisboa, António Chainho, Samuel Úria, entre moitos outros. Participou como artista e compositora en máis de 50 edicións discográficas, ademais de bandas sonoras para cinema, teatro e danza. Actualmente integra o gran colectivo Tais Quais, facendo parcería con Vitorino, Tim, Sebastião, Serafim, Jorge Palma, Paulo Ribeiro e João Gil.

Ao longo destes anos participou como instrumentista e formadora en centenas de oficinas en torno da danza e da música tradicional. Dedicase activamente ao estudo e divulgación do patrimonio musical alentejano, liderando tertulias semanais de Cante na Casa do Alentejo, en Lisboa. É co-autora do libro “Caderno de Danças do Alentejo”, editado pola Asociación Pé de Xumbo.



COSMOTRÓPICOS

**[Galicia-Portugal-Cuba-Santo Tomé
e Príncipe-República Dominicana-Brasil]**

VENRES 21 / 23.00 h / Praza do Toural

Tal como moitas outras cidades europeas, Santiago de Compostela e as demais cidades galegas teñen alta presenza multicultural. Porén, e a diferenza doutros centros cosmopolitas, a música da lusofonía aínda se fai sentir de forma moi tímida, a pesar da significativa presenza de cidadáns e de músicos lusófonos en Galicia.

Co obxectivo de mudar esta realidade, xurdiu o proxecto Cosmotrópicos no ano 2010 en Santiago de Compostela, que integra músicos/as e cantores/as de diferentes países cuxa expresión artística se fundamenta nos valores da integración, o coñecemento mutuo e a multiculturalidade.



QUESTIONI MERIDIONALI FOLK (Italia)

SÁBADO 22 / 23.00 h / Praza do Toural

O proxecto QMF [questioni meridionali folk], proxecto independente de Etno Folk - WorldMusic, producido en Barcelona e dirixido polo músico procedente do sur de Italia Piero Pesce.

QMF é un proxecto atento á música popular mediterránea e ás súas facetas tradicionais-psicodélicas [a tarantella], e que sigue fusionando sonoridades actuais con estilos musicais doutras partes do mundo [gipsy, gnawa, afro, reggae, cumbia, irish, ska, yiddish, mariatchi, etc.].

Outra importante faceta da súa produción artística é a firma de autor, en boa parte dos temas mesturados co repertorio de versión tradicionais, dende o cal sobresaí a mensaxe de base sobre a cultura popular.

O grupo que se produce actualmente en Barcelona presenta un espectáculo único no seu xénero seguindo a tradición nunha forma actual e dinámica que fai que os concertos, sen caer na superficialidade, teñan un alto grao de animación.



LA SHICA (Ceuta)

DOMINGO 23 / 23.00 h / Praza do Toural

De aquí a Lima, o último traballo de La Shica, é unha lectura persoal e unha selección de cancións que, durante a súa viaxe, escoitou pola radio mentres cociñaba, cancións que aprendeu na casa e en concertos e que trouxo na súa maleta á volta...

A estética do proxecto rematouna de definir a anécdota que lle contaron en Lima: a Chabuca Granda encantaríalle que a súa música soara nas discotecas, que a bailaran os chibolos... e, para intentar cumprir ese desexo, La Shica, coseu particular estilo e acompañada da guitarra flamenca e da electrónica fina, desvestirá e vestirá de novo os temas "Una larga noche, Cambia todo cambia, Piedras y camino, Cardo o ceniza e El árbol del olvido".

Compartiu escenario con Martirio, Bebe, Armando Manzanero, Macaco, Candela Peña, Rosendo, Josemi Carmona, Rosario Flores, Jorge Drexler, Pau Donés, Natalia Lafourcade ou Rozalén. E xirou internacionalmente por Francia, Alemaña, Italia, Suecia, Estados Unidos, India, Perú, Arxentina, Chile, México, Marrocos, Siria, Xordania, Líbano, Grecia, Austria, Hungría, República Checa, Países Baixos, Chequia, Croacia ou Portugal.

CIRCOMPOSTELA 2017

GALA DO CIRCO COMPOSTELÁN

(MARTES 18 / 22.30h / Parque de Belvís

Os **Cabarés** de **PistaCatro** inscribíense na mellor tradición dos espectáculos de variedades, tanto dos circos coma do music-hall, onde se poden mesturar os números de malabares, a canción, os sketches de humor, os monólogos, as acrobacias e os pasos de claqué. Ofrécese así ó público un espectáculo multidisciplinar e variado a cargo dun determinado número de artistas que dan o mellor de si mesmos en pequenas pezas de cinco ou dez minutos.

A fórmula do Cabaré colectivo sempre foi unha das especialidades de PistaCatro. O potencial creativo individual dos compoñentes do grupo fai que a suma dos mellores números e sketches de cada un dos artistas dean un conxunto de luxo.

Presentadores:

Pablo Reboleiro e Aitor Garuz

Artistas convidados:

- SincroNacidas (clown)
- Vuelos de Rosca (man a man)
- Yesi Balbás (aéreos)
- Trasno
- Número de Break In Clan
- E máis sorpresas...



BAILE

ASSALTO

(XOVES 20 / Praza do Toural)



BAILE ASSALTO

XOVES 20 / Todo o día / Praza do Toural

aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular leva anos interesada na interacción música e baile. Desde os seus comezos o centro integrou aos mellores bailadores do país en palestras e cursos monográficos para que os músicos sentisen a interacción entre o seu instrumento e os seus corpos a danzar. A proposta integradora, respectuosa, aberta e festiva dá para partillar co outro/a na proximidade dos corpos, algo necesario non só por divertimento mais tamén por saúde. Nas sociedades nas que vivimos a deshumanización e a vertixe do reloxo prívannos por veces destes praceres tan primarios coma necesarios. Esta é pois unha proposta para nenos e adultos, novos e vellos, bailadores experimentados e aprendices. Alegría en movemento!

aCentral Folque propón un programa arredor da danza galega e das danzas de roda europeas con música ao vivo. Un espazo común que tente achegar diferentes estilos e audiencias a un repertorio común das músicas tradicionais para un obxectivo único que é o divertimento, o exercicio e a interacción social dun xeito lúdico, distendido e informal.

Tamén como un lugar para a aprendizaxe de novos xéneros e bailes e conectar así o público galego ao movemento internacional do “Bal Folk” que tomou forza en Francia nos anos 60 espallouse ao resto do continente con grande intensidade nos últimos anos e que en Galicia aínda é incipiente sendo un país historicamente moi rico en baile tanto rural e urbano.

aCentral Folque propón para isto programar a grupos de recoñecido prestixio que consigan atraer a un público variado ademais de organizar tres sesións previas de iniciación ao baile galego e aos bailes de roda e agarrados.

Ademais dos grupos musicais contará con asociacións de baile que nos últimos anos teñen desenvolvido unha intensa labor programática arredor do baile e que impartirán os obradoiros como son:

Obradoiros de iniciación ao baile con música ao vivo

12:30h Bailes mandados: con Mercedes Prieto e Sergio Cobos

19:00h Baile galego: a cargo do colectivo Seráns de Compostela

21:00h Obradoiro exprés de Os Cempés

22:00h Concerto de Os Cempés "Baile 100%"

OS CEMPÉS, o mítico grupo paratradicional con base en Ferrolterra, volta aos palcos cun novo concepto: o Baile 100%, sesións de baile colectivo, guiados polo cantante do grupo, Serxio Ces, para deleite do público. Mazurcas, polkas, círculos, chotis, bourrées,... e por suposto xotas e muiñeiras e pasodobles e valsas. Para este concerto asistirán en formato de cuarteto con acordeón, gaita, zanfona, pandeireta e guía de baile!

Óscar Fernández: zanfona

Roberto Grandal: acordeón

Serxio Cés: percusión e guía de baile

ROMARÍA CATIVA

(XOVES 20 / Parque Eugenio Granell)

ROMARÍA
CATIVA
DE
Banaval



12.00- Apertura Romaría Cativa

Xogos Xandobela

Espazo do xogo Libre

Mural plástico, con Babaluva

12.30 - Anxo Moure I "Contos para coidar a terra"

Simón Pinhón I "O Gaiteiro Bucólico"

Percubebés I "Veu por aquí marchou por alá"

13.30 - Concerto de Mari Faltri e Jorge Juncal ,

"Fantasía coas palabras"

17.30 - Anxo Moure I "Contos para coidar a terra"

Simón Pinhón I "O Gaiteiro Bucólico"

Percubebés I "Veu por aquí marchou por alá"

18.30 - Concerto de Golfiños, "Té, chocolate, café"

19.30 - Concerto Sons Miúdos (con Gloria Mosquera, Pablo Díaz, Ana Senlle, Magín Blanco, Paco Nogueiras e Xoán Curiel e Teatro dos Ghazafellos)

